

Informativo **Ridimoas** 2020

Boletín da Asociación Cultural Ecolóxica Ridimoas, fundada en 1988 no local Aula Verde do Centro de Ensinanzas Integradas de Ourense.

O MÁIS SALIENTABLE

Do diario do bosque, correspondente ao ano 2020, na parte negativa temos que salientar os fortes temporais que maltrataron ao bosque con rachas de vento tan fortes que derrubaron árbores, entre os que se contabiliza o enorme piñeiro (*Pinus pinaster*) da parte baixa de Ridimoas, atopado caído o 23 de febreiro; pero o peor do ano para Ridimoas, foi o impacto do COVID-19, que impediu a celebración das Asembleas Ordinaria e Extraordinaria de forma presencial, así como a realización das visitas guiadas ao bosque, o que nos supuxo unha importante merma económica. Con todo, a atención do espazo forestal foi intensa, con plantación de loureiros (*Laurus nobilis*), carballos (*Quercus robur*), acivros (*Ilex aquifolium*) e castiñeiros (*Castanea sativa*); sen descoidar a vixilancia en prevención de incendios ou caza furtiva. Pola súa parte, a merca de novas parcelas significou un gran esforzo económico, tal e como se pode ver na páxina seguinte, ao adquirir por vez primeira superficie boscosa no polígono 4 e aumentar superficie na Barbaña, hábitat de expansión de *Prunus padus*. Tamén merece mención, na parte positiva, unha tímida recuperación da cabraloura (*Oryctes nasicornis*) e a observación dun exemplar xuvenil de esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*) nunha parcela na que só tiñamos visto individuos adultos.



Cerdeira de acios (*Prunus padus*) en flor na paraxe da Barbaña, concello de Leiro, nunha parcela mercada pola nosa asociación
Foto: Mani Moretón. Data: 20 de marzo de 2019.

BOSQUE E PANDEMIAS

O ano 2020 quedará para sempre na nosa memoria como o ano da pandemia, da doenza denominada COVID-19 causada polo virus SARS-CoV-2. A doenza está recoñecida pola OMS coma unha das “enfermidades infecciosas emerxentes”, grupo de enfermidades entre as que se atopan o Ébola, a SIDA, o Dengue, a malaria ou a febre amarela, entre outras. A COVID-19 presenta unha etioloxía de zoonose, termo que designa ás enfermidades transmitidas á especie humana por animais. Das case 250 enfermidades infecciosas emerxentes, o 75% son zoonose e, delas, o 15% están relacionadas directamente con bosques e coa súa destrución, segundo a FAO e a OMS.

A causalidade destas doenzas, complexa e variada, presenta como elemento común a deforestación e a alteración do uso da terra, como consecuencia dun crecemento poboacional e dun modelo económico asociado insostible. A alteración dos hábitats naturais e a consecuente perda de diversidade biolóxica reguladora do equilibrio ecosistémico global favorece un escenario no que os axentes patóxenos (bacterias, virus, fungos ou protozoos), entran máis facilmente en contacto con potenciais hospedadores carentes de inmunidade innata ou adquirida, aumentando moi significativamente a probabilidade de aparición de novas epidemias. Durante o confinamento fomos testemuñas de como a natureza recuperaba a actividade e presenza ao cesar a nosa presión sobre o medio. A irrupción da COVID-19 demostrou a ollos da comunidade internacional a urxencia da implementación da CONSCIENCIA DE ESPECIE coma punto de partida dun modelo social e económico no que a economía estea integrada na ecoloxía e non ao revés, xa que existe un capital natural, constituído polos servizos ecosistémicos, insubstituíble do que depende a habitabilidade do planeta.

O vicepresidente: David Rodríguez.

XUNTA DIRECTIVA

Presidente: Pablo Rodríguez Fernández.
Vicepresidente: David Rodríguez Barra.
Tesoureira: María Carmen Rey Novoa.
Secretaria: Paula Rodríguez Domínguez.
Vogais: Xusto Veloso Moreda, Concepción Domínguez Domínguez, Bernardo Louzao Campos e Juan Antonio Santamaría Rodríguez.

PARCELAS MERCADAS EN 2020

| Paraxe | Superficie m ² | Prezo € |
|-----------------|---------------------------|---------------|
| Anduriñeira | 6.003 | 8.000 |
| Anduriñeira | 3.848 | 5.000 |
| Sanhegada | 2.122,5 | 2.000 |
| Barbaña | 2.000 | 2.000 |
| Barbaña | 600 | 600 |
| Freixa | 530 | 530 |
| Total: 4 | 15.103,5 | 18.130 |

As dúas da Anduriñeira corresponden ás parcelas 33 e 47 do polígono 4 e están separadas por un sendeiro peatonal que transcorre por entre castiñeiros, carballos e pereiras bravas. A de Sanhegada completa a totalidade da parcela 115 do polígono 5 e, basicamente, é carballeira madura. As dúas da Barbaña están no polígono 44 do concello de Leiro, lindante co de Beade, separados polo regato de Caldelas, e aínda está sen parcelar graficamente, pero fisicamente están ben delimitadas por seren continuidade doutras nosas nas que predominan amieiros, salgueiros, cerdeiras de acio e carballos, con mimosas na parte alta que temos que eliminar; igual cá da Freixa, correspondente á parcela 159 do polígono 5, que tamén está inzada de mimosas. Dependendo dos ingresos do ano 2021, abordaremos a erradicación destas mimosas, na medida do posible.

MEMORIA ECONÓMICA

Ingresos:

| | |
|-------------------------------|-------------|
| Cotas socias/os | 14.983,90 € |
| Préstamo socia..... | 4.000,00 € |
| Remanente ano anterior..... | 1.464,75 € |
| Donativos visita bosque | 933,20 € |

Total21.381,85 €

Gastos:

| | |
|---|-------------|
| Merca de parcelas..... | 18.130,00 € |
| Imprenta e Correos..... | 735,63 € |
| Banco: comisións, IVE, mantemento..... | 684,20 € |
| Secretaría e web..... | 500,00 € |
| Silvicultura e contribución casa..... | 247,69 € |
| Devolución recibos..... | 269,18 € |
| Seguro egua, ferrador e alimentación..... | 200,46 € |

Total20.767,16 €

INGRESOS: 21.381,85 €

GASTOS: 20.767,16 €

Saldo 31/12/2020.....614,69 €

NOVAS SOCIAS/OS

Altas: 43

| | |
|-----------------------------|------------------------------|
| Agustín Blanco Rodríguez | José Miguel Braña Montaña |
| Alba Orero Canal | Lorena Facal |
| Alberte Román Losada | María del Carmen Ruíz Blanco |
| Alberto Fuentes Iglesias | María Elva González Mozo |
| Ana Salceda | Mark Auchincloss |
| Antía Ricoy Iglesias | Mauro Rodríguez Jürschik |
| Blanca Selas Chao | Miriam Eijo Ramil |
| Carlos Otero Marnotes | Natalia Crespo Fernández |
| Carmen Hermida Abal | Navia Fidalgo Fernández |
| Cástor Sánchez Chao | Pablo Magdalena Nogueira |
| Cecilia Pastoriza Puga | Pablo Martínez Rodríguez |
| Cristina González García | Rafael Polo Abad |
| Emilio José Cuiñas Otero | Ramón Coira Luaces |
| Erundina Falcón Pérez | Raúl Mato Rodríguez |
| Estevo Santamarina Puga | Rosa Lamas Casado |
| Fernando Telle Rodríguez | Rosa Puga Dávila |
| Francisca García Martínez | Rubén Bermejo Cañas |
| Francisco José Ojea Álvarez | Saba González Lorenzo |
| Gonzalo Otero García | Uxía Estévez Álvarez |
| Hixinio Castillo Gómez | Yago Trelles Plana |
| Ibán Candia Durán | |
| Icía Castillo Carballa | |
| Jacinto Montero Regueiro | |

Baixas: 13

Causas de baixas:

A petición propia: 8

Por defunción: 2


Por non actualizar datos: 3

Totais a 31/12/2020 Socias/os: 1.158

COMETA C/2020F3 (NEOWISE)

Con data de 23 de xullo de 2020, ás 12:15h da noite, con ceo despexado, desde a posición do garito meteorolóxico de Ridimoas en Beade e valéndonos duns prismáticos de 20x50, puidemos observar sobre o noso bosque a vertical figura do cometa Neowise, debaixo da constelación da Osa Maior.

Segundo din hipóteses científicas, os cometas trouxeron auga á Terra, mediante o impacto dos seus núcleos de xeo contra o noso planeta, ao longo de moitos miles de anos.



É vital para Ridimoas que a ficha persoal, coa domiciliación bancaria estea sempre actualizada, tanto para recibir información como para pagar a cota anual. A mellor maneira de actualizar datos é cubrindo unha ficha na nosa web: www.ridimoas.com.

E para os que queiran ingresar a cota directamente, o noso código IBAN é:

ES05 2080 5332 8330 4002 0684 Abanca, sucursal de Ribadavia. Rúa Progreso, 46; 32400 Ribadavia (Ourense).

Grazas por colaborar!

CONVOCATORIA: ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Cumprindo co artigo 18 dos estatutos, convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria **telemática** que se celebrará o vindeiro día **20 de marzo de 2021** (sábado) desde a sede de Ridimoas, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12 horas en segunda convocatoria, e na que trataremos os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria do ano anterior, incluída no boletín.
- 2.- Informe sobre o estado do bosque Ridimoas e dos traballos realizados durante o ano 2020.
- 3.- Informe económico.
- 4.- Actividades para o ano 2021.
- 5.- Rogos e preguntas.

ASEMBLEA TELEMÁTICA

Este ano a asemblea tampouco poderá ser presencial. O ano pasado a crise sanitaria e o confinamento pilláronnos cando estabamos a piques de celebrar a asemblea, o que nos levou a ter que tomar a inmediata decisión de suspendela e a posterior celebración a través de correo electrónico. Este ano xa non nos colle por sorpresa, polo que celebraremos a asemblea de maneira telemática.

A asemblea continuará co seu horario habitual, como ven indicado na orde do día, e realizarase a través do programa Cisco Webex.

Como participar da asemblea telemática?

- Cada socia/o recibirá no correo electrónico un convite do programa coa convocatoria da reunión telemática de Ridimoas. No convite aparecerá o botón de UNIRSE A REUNIÓN. Premendo nel accederase á asemblea a través do programa Cisco Webex.
- Ademais, días antes da reunión cada socia/o recibirá un recordatorio no seu correo electrónico.
- Pola nosa parte tamén nos poñeremos en contacto a través do mesmo medio para asegurarnos de que se recibiu a información correctamente.

Así mesmo pedimos, na medida do posible, que aquelas persoas que con antelación xa teñan decidido unirse á asemblea telemática, se poñan en contacto connosco, para facer unha aproximación de participantes.


Para calquera dúbida podes contactarnos ao noso correo **asociacion@ridimoas.com**.

Se es socia/o e non recibiches ningún correo electrónico de Ridimoas durante o último ano, pode ser debido á que a túa ficha de inscrición sexa antiga e non dispoñamos desta información de contacto. Se tes interese en participar da asemblea telemática, envíanos un correo para que actualicemos os teus datos de contacto e te poidamos incluír na reunión.

NOTAS DE CAMPO Textos e debuxos do natural de Oitabén.

Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*)

Paxariño ligado ao medio acuático, da familia *Alcedinae*, duns 17 cm de longo, 25 de envergadura e 40 g de peso; de viva cor azul na parte dorsal e avermellada na ventral, con tarsos e dedos encarnados. Dentro do círculo da ilustración destacamos, con trazo grosso, a sindactilia ou fusión das primeiras falanxes dos dedos externos, característica da orde *coraciiforme* á que pertence. A súa área vital é ampla abranguendo, ademais da que figura na ilustración, gran parte de Asia ata o Xapón. En Ridimoas témolo visto en distintas estacións do ano, voando baixo e rápido sobre as augas do regato de Caldelas, á procura de peixiños e insectos que trata de capturar lanzándose en picado.



Bico de agüia (*Aquilegia vulgaris*)

Flor silvestre da familia *Ranunculaceae* dun metro de altura. En Ridimoas atopámola nun pequeno claro da carballeira central. No noso bosque o futuro desta planta depende das coidadosas rozas manuais realizadas para que o espazo vital delas non sexa ocupado polas árbores. As súas formas e beleza chamaron a atención de Leonardo da Vinci, quen as inmortalizou no debuxo de plantas que se conserva na Biblioteca Real do castelo de Windsor e que aquí recompoñemos.



Ourizo cacho (*Erinaceus europaeus*)

Mamífero primitivo, cuberto por coiraza punzante, de ata 29 cm de lonxitude e cun peso que pode superar o quilo. En Ridimoas, na madrugada do 20 de xuño de 2016, atopamos un individuo moi corpulento no camiño do Valdasma, na parte alta do bosque, fronte á parcela 164 do polígono 5, ao lado dos restos rillados dunha cobra bordalesa (*Coronella girondica*), presumiblemente comesta polo ourizo; pois aínda que os zoólogos clasifícanos como insectívoro, o ourizo cacho é bastante omnívoro. Pode vivir entre 7 e 10 anos.



FAUNA QUE FOI DA CONTORNA DE RIDIMOAS E QUE XA DESAPARECEU OU É MOI RARATexto e debuxo de *Pablo Oitabén*.**Paspallás común (*Coturnix coturnix coturnix*)**

Codorniz

Basicamente migradora, con ás adaptadas a voar grandes distancias. Chega coa primavera e regresa a África no outono. De 18 cm de longo e 96 g de peso, de cor parda con riscas brancas e negras no lombo e ocre na parte ventral.

Status anterior

A mediados do século XX xa era moi rara no concello de Beade, sobrevivindo en contados pastizais e nos comareiros das viñas, onde podía criar no chan entre a avea silvestre. Alí atopaba sementes, grans e insectos dos que alimentarse. Forraxeaba tamén entre as gabias das viñas aproveitando os recursos que as labras manuais das cepas poñían ao seu alcance.

Derradeira observación

No ano 1978 observouse un individuo na paraxe do Poenxo, polígono 12, parcela 31 do noso bosque. Desde ese ano, a onomatopea do canto do macho (pas-pallás... pas-pallás) deixou de oírse.

Posibles causas do seu declive

A irrupción de maquinaria, herbicidas e pesticidas nas viñas, sumado á invasión do hábitat por mimosas, fixéronlle imposible a vida entre nós. A Sociedade Española de Ornitoloxía confirmou un declive poboacional en toda a súa área biolóxica nos últimos 20 anos do 74%, polo que debería considerarse especie en Perigo.

**Perdiz rubia (*Alectoris rufa hispanica*)**

Perdiz roja

De 35 cm de longo e 400 g de peso, a perdiz autóctona ten costumes sedentarias. Aliméntase de insectos, vermes, grans, sementes, herba e froitos; séndolle vital a presenza de auga onde poder beber.

Status anterior

Ata mediados do século XX podían verse perdices autóctonas nos montes e viñas dos concellos de Beade, así como no que hoxe é Ridimoas, especialmente nas paraxes catastrais do Valdasma, Trigueira e Barbaña.

Derradeira observación

Sobreviviu na contorna de Ridimoas ata 1980, cando foron abatidas a tiros as poucas que quedaban no linde SO entre o bosque e as viñas das Regadas.

Posibles causas do seu declive

As mesmas que as indicadas para o paspallás, sumando a presión cinexética, envelenamento por uvas contaminadas e desaparición de mananciais.

Introdución de perdices alóctonas.

Dende 1992 os cazadores da zona empezaron a soltar perdices de granxa da subespecie *Alectoris rufa intercedens* do centro e sur da Península. Estas perdices son mansas e duran pouco no medio natural.

Perdiz de granxa no linde de Ridimoas. Verán de 1992. Foto de *Máxi J. Grande*.

DATOS METEOROLÓXICOS

| 2020 | Precipitación l/m ² | Días chuvia | Acidez (pH) | | Nube dominante | Temperatura (°C) | |
|----------|-----------------------------------|----------------|---------------------------|---------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|
| | | | Máxima | Mínima | | Máxima | Mínima |
| Xaneiro | 88,5 | 6 | 5,0 | 5,6 | Estratos | 18,0 | -2,5 |
| Febreiro | 25,1 | 4 | 5,8 | 5,8 | Estratos | 22,8 | 0,0 |
| Marzo | 124,7 | 10 | 5,0 | 6,2 | Nimboestratos | 24,5 | -1,3 |
| Abril | 136,4 | 13 | 5,5 | 5,8 | Nimboestratos | 25,0 | 3,2 |
| Maio | 32,0 | 6 | 5,5 | 5,9 | Cúmulonimbos | 34,5 | 7,5 |
| Xuño | 16,9 | 3 | 5,6 | 5,7 | Cúmulos | 37,0 | 4,2 |
| Xullo | 01,0 | 1 | - | - | Cirros | 39,0 | 7,8 |
| Agosto | 32,3 | 6 | 5,0 | 5,0 | Cúmulos | 39,0 | 7,0 |
| Setembro | 68,4 | 5 | 5,0 | 5,5 | Altoestratos | 37,0 | 5,0 |
| Outubro | 102,5 | 10 | 5,2 | 5,7 | Nimboestratos | 24,0 | 1,5 |
| Novembro | 91,2 | 6 | 5,3 | 6,0 | Estratos | 21,5 | 1,0 |
| Decembro | 178,8 | 16 | 5,5 | 6,0 | Nimboestratos | 17,0 | -3,8 |
| TOTAIS | 897,8 | 86 | Máxima absoluta 5,0 | Mínima absoluta 6,2 | Nimboestratos | Máx. absoluta 39 | Mín. absoluta -3,8 |
| | | | | | | Media: 15,31 | |

RESUMO DE NOTAS FENOLÓXICAS

| Observamos - Escoitamos: | Data | Temperatura (°C) | | Ceo | Vento |
|--|-----------|------------------|--------|-------------|--------------|
| | Día - Mes | Máxima | Mínima | | |
| <i>Lampyrus noctiluca</i> | 15-I | 15,5 | 11,0 | Fragmentado | E, moderado |
| <i>Scolapax rusticola</i> | 23-II | 22,8 | 1,0 | Disperso | NE, frouxo |
| 1º canto de <i>Cuculus canorus</i> | 20-III | 15,0 | 12,7 | Cuberto | E, frouxo |
| 1ª <i>Streptopelia turtur</i> | 24-IV | 24,8 | 9,5 | Fragmentado | E, frouxo |
| <i>Caprimulgus europaeus</i> | 26-V | 31,2 | 12,2 | Despexado | NE, frouxo |
| 1ª <i>Oryctes nasicornis</i> | 18-VI | 25,0 | 11,5 | Fragmentado | E, moderado |
| <i>Mauremys leprosa</i> | 2-VII | 24,0 | 14,0 | Fragmentado | NE, moderado |
| <i>Athene noctua</i> | 1-VIII | 31,5 | 17,0 | Fragmentado | NE, frouxo |
| <i>Chalcides bedriagai</i> | 30-IX | 22,0 | 9,0 | Cuberto | SE, frouxo |
| <i>Ardea cinerea</i> | 22-X | 18,0 | 9,5 | Fragmentado | SE, moderado |
| <i>Juglans regia</i> , xa sen follas | 21-XI | 18,0 | 3,0 | Despexado | E, frouxo |
| Larvas de <i>Salamandra salamandra</i> | 30-XII | 6,5 | 0 | Cuberto | N, frouxo |

OS ESPÍÑEIRAIS (I)

Dedicaremos os seguintes artigos a coñecer e valorar a importancia ecolóxica desta comunidade vexetal, en xeral pouco apreciada pola xente. Adoitan formar as orlas do bosque pero tamén medran en terras ermas, beiras de camiños, etc. En Ridimoas aparecen sobre todo nas zonas máis frescas próximas ao regato da Barbaña. A base dos espiñeirais son un grupo de plantas arbustivas con talos espiñosos, de tamaño medio a alto, normalmente caducifolias, que pertencen sobre todo a familia das Rosáceas. Con frecuencia están acompañadas doutras especies, como lianas, etc., formando un conxunto enmarañado. En termos fitosociolóxicos estas comunidades forman parte da clase *Rhamno-Prunetea* e da orde *Prunetalia spinosae*. Fóra quedan os toxos e outras especies con espiñas da familia das Leguminosas, cunhas características propias e ás que xa fixemos referencia noutro artigo.

As plantas espiñentas da citada clase máis frecuentes en Ridimoas son claramente as silvas (*Rubus spp*), polo que se coñecen estas comunidades popularmente como silveiras. Tamén forman parte delas as roseiras bravas (*Rosa spp*), o escalabrón ou estripeiro (*Crataegus monogyna*), o abruñeiro (*Prunus spinosa*) e a pereira brava (*Pyrus cordata*), aínda que esta última, frecuente nos espiñeirais cara a Dorsal Media galega, ten aquí unha presenza máis illada.

O grupo das lianas ou plantas rubideiras adoita estar representado onda nós pola hedra (*Hedera hybernica*), a madre selva (*Lonicera periclymenum*), as uvas do can (*Tamus communis*) e nas zonas con solos de máis lentura a saltasebes (*Bryonia dioica*), a dulcamara (*Solanum dulcamara*) e o lúpulo (*Humulus lupulus*). Hai que engadir tamén ás videiras ventureiras, como corresponde a unha zona vitícola; no Ribeiro, debido á presenza de filoxera, acostuman tratarse de vides de orixe americana ou híbridos destas coas vides europeas.

Por último, debemos citar catro especies que non pertencen aos grupos anteriores pero cunha presenza importante nos nosos espiñeirais: o sanguíño (*Frangula alnus*), un arbusto ou pequena árbore presente en boa parte dos bosques autóctonos galegos, a bagueira (*Phytolacca americana*), unha especie semileñosa vivaz alóctona que pode acadar os dous metros e facerse un oco entre as silvas, o sabugueiro (*Sambucus nigra*), que soe aparecer en lugares frescos, e un fento de bo tamaño e moi común, o fento de chamuscar (*Pteridium aquilinum*).

Teñen algo en común estas plantas? Pois todas, excepto o fento e o lúpulo, posúen pequenos froitos zumentos

comestibles, polo menos por algúns animais (aínda que os dalgunhas das especies citadas considéranse tóxicas para os humanos), que ao ser inxeridos por estes poden viaxar como sementes no seu corpo ata o lugar no que fan as súas deposicións. Así, mamíferos, como a raposa, ou aves, como os merlos, son os mellores aliados desta comunidade vexetal.

Aquí, a progresiva desaparición do minifundio vitícola deixa paso rapidamente aos silveirais, sobre todo cando as vides non son arrincadas, pois, tralo abandono, durante algún tempo manteñen unha produción residual que atrae a estes animais, que mentres se alimentan deixan alí os seus excrementos coas sementes. So falta que a un gaio se lle esqueza algunha landra para iniciar un bosque, de maneira que, nestes solos desfondados, dáse con frecuencia unha rápida sucesión entre os viñedos e as carballeiras cos espiñeirais como única fase intermedia.

A importancia desta comunidade débese a varias razóns: a súa forma de medrar de maneira entrelazada e a presenza de espiñas reduce a presenza dos grandes herbívoros e carnívoros, actuando como refuxio para algúns animais e protexendo o desenvolvemento durante os primeiros anos das especies arbóreas. Pero tamén a produción de froitos e de néctar favorece a subsistencia de gran número de especies da nosa fauna.



Detalle de *Rosa tomentosa*, unha das especies de roseira brava presentes en Ridimoas, na parcela do muíño (44-385). Texto e foto: Xusto Veloso Moreda.

POTENCIANDO A BIODIVERSIDADE

Que a Terra non pertence aos humanos é algo que moitas persoas xa sabemos pero, desde marzo de 2020, ese sentimento fíxose realidade ao vermos como a vida silvestre desfilaba por diante das nosas fiestras, tomando posesión de territorios urbanos. Para moitos a presenza de animais silvestres na súa contorna resultaba intolerable. No caso de Galicia, os cazadores autoproclamáronse “controladores de biodiversidade” e despois foron declarados “servizos esenciais”, potenciando unha relación traumática, que xa dura demasiado, entre a escopeta e o animal salvaxe, na que este último sempre leva as de perder.

Pola nosa parte, a relación coa natureza foi moi distinta: ademais de comezar colaboracións para a plantación de 56 árbores e o apadriñamento de 21, tivemos que volver a practicar coidados de rehabilitación de fauna, pois aínda que Concepción Domínguez, vogal de Ridimoas, xa está xubilada, o seu bo facer no Centro de Recuperación de Fauna do Rodicio (Ourense), onde transcorreu boa parte da súa vida profesional, deixou tanta pegada que aínda hoxe ten que facerse cargo dalgúns animais que lle son entregados na súa casa en Beade e realizarlle coidados de urxencia, antes de trasladalos ao Rodicio, onde completan a rehabilitación previa á posta en liberdade. Dos animais que foron trasladados ao centro do Rodicio, destacamos a cría de corzo (*Capreolus capreolus*) que aparece na foto. Procedía de Cortegada (Ourense).

Na actualidade a natureza silvestre enfróntase a unha supervivencia incerta debido á ocupación e fragmentación do espazo natural, o cal é o principal factor de extinción de especies. Neste sentido, a estratexia de mercar terras levada a cabo pola nosa asociación é importantísima para que a biodiversidade non siga minguando e atope refuxio nos hábitats adquiridos.

A Secretaria: *Paula Rodríguez.*



Cría de corzo, entregada polo 112. Data: 23 de maio de 2020.
Foto: *Paula Rodríguez.*

IMPRESOS

Depósito Legal OU-14-2018. Nº4
Imprime: Gráficas Galegas.



Asociación Cultural - Ecolóxica Ridimoas.
Rúa Pateira nº 7, 32431 BEADE (Ourense)
Tfno: 988 480 062
www.ridimoas.com / e-mail: asociacion@ridimoas.com
Facebook: Asociacion Ridimoas / Twitter: @Ridimoas
Instagram: Asociacion Ridimoas